

TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO Á CATEGORÍA PROFESIONAL DE CONDUTOR, GRUPO IV.1, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN REITORAL DO 28 DE XUÑO DE 2021

CRITERIOS DE CORRECCIÓN PARA O SEGUNDO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO

O Tribunal de selección acordou establecer os criterios de corrección para o segundo exercicio do proceso selectivo.

A resolución do 28 de xuño de 2021, DOG do 13 de xullo de 2021, polo que se convoca o proceso selectivo para o acceso á categoría profesional de Conductor, grupo IV.1, respecto o segundo exercicio sinala:

“ Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 90 preguntas tipo test, máis 5 de reserva, con tres respostas alternativas das cales só unha será a correcta, propostas polo tribunal e correspondentes ao bloque de coñecementos específicos que figura no programa que se relaciona no anexo II

O tempo para a realización deste exercicio será de 95 minutos

Este exercicio cualificarase de 0 a 25 puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo do 60% do total das respostas correctas, que supón unha valoración de 15 puntos”

En aplicación do anterior, o tribunal reunido en sesión de 4 de marzo de 2022, **ACORDOU:**

Primeiro: Para superar este exame será necesario ter un mínimo de 54 respostas correctas das 90 que conforman o exercicio.

As respostas incorrectas e as que figuren en branco non computarán negativamente.

Segundo: Facer público este acordo antes da realización do exercicio.

INSTRUCCIÓN RELACIONADAS COA COVID-19

- Non poderán acceder ao exame aquelas persoas con síntomas compatibles coa COVID-19, aquelas ás que se lles diagnosticase a enfermidade e que non finalizasen o período de illamento ou as que se atopen en período de corentena domiciliaria por teren contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19.
- As persoas aspirantes se teñen síntomas durante o exercicio compatibles coa COVID-19, deberán poñelo inmediatamente en coñecemento do Tribunal. Os síntomas máis comúns compatibles coa COVID-19 inclúen febre, tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode haber diminución do olfacto e o gusto, calafríos, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos.
- Todo as persoas aspirantes deberán de ter posta a súa propia máscara cirúrxica, que deberá cubrir a nariz e a boca e que non se poderán retirar en ningún momento mentres dure a realización do exercicio.

- Todas as persoas aspirantes, nos accesos á aula onde se vaia realizar o exercicio, deberán de manter o respecto da distancia de seguridade interpersoal de polo menos un metro e medio entre elas.
- Non se permitirá a saída da aula ata que remate o tempo establecido para a súa realización ou ben haxa acordo do Tribunal nese sentido. As persoas aspirantes sairán de forma ordenada e mantendo a distancia de seguridade interpersoal entre cada unha delas.
- É importante prestar atención e respectar as sinalizacións en canto a distancias de seguridade, sentidos de circulación, localización, espera de quenda.
- Todas as persoas aspirantes deberán acudir co seu propio material (bolígrafos, lapis) para a realización do exercicio evitando compartilos.
- Non se permitirá o acceso ao edificio da proba de acompañantes das persoas participantes convocadas

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2022.

A secretaria do tribunal,

M. Amparo Azurmendi Rodríguez

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA AMPARO AZURMENDI RODRIGUEZ, NIF ***0990**, 08/03/2022 14:56:53.

CSV: 9CE4-A7C6-498C-B0A1